



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: Tecnoloxía

CURSO: 1º BACHARELATO

MATERIA: Tecnoloxía Industrial I

PROFESOR/A: JAVIER ALIJO RAMAS

1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación.

1ª AVALIACIÓN

ESTÁNDARES MÍNIMOS

TI1B2.1.1. Describe a función dos bloques que constitúen unha máquina dada, explicando de forma clara e co vocabulario axeitado a súa contribución ao conxunto.

TI1B2.1.2. Debuxa diagramas de bloques de máquinas ferramenta explicando a contribución de cada bloque ao conxunto da máquina.

TI1B2.3.1. Verifica a evolución dos sinais en circuitos eléctricoelectrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos.

TI1B2.3.2. Interpreta e valora os resultados obtidos de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos.

COMPETENCIAS MÍNIMAS

CMCCT, CAA, CSC, CSIEE, CCL



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B2.1. Analizar os bloques constitutivos de sistemas e/ou máquinas, interpretando a súa interrelación, e describir os principais elementos que os compoñen, utilizando o vocabulario relacionado co tema.

B2.3. Verificar o funcionamento de circuitos eléctricoelectrónicos, pneumáticos e hidráulicos característicos, interpretando os seus esquemas, utilizando os aparellos e os equipamentos de medida adecuados, interpretando e valorando os resultados obtidos, apoiándose na montaxe ou nunha simulación física destes.

2ª AVALIACIÓN

ESTÁNDARES MÍNIMOS

TI1B4.1.1. Describe as formas de producir enerxía, en relación co custo de produción, o impacto ambiental e a sustentabilidade.

COMPETENCIAS MÍNIMAS

CMCCT, CAA, CSC, CSIEE, CCL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B4.1. Analizar a importancia que os recursos enerxéticos teñen na sociedade actual, e describir as formas de produción de cada unha, así como as súas debilidades e fortalezas no desenvolvemento dunha sociedade sustentable.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

-Mecanismo para a recuperación de avaliacións suspensas

Proba escrita dos estándares correspondentes a cada unha das avaliacións. Esta proba pendúrase na AV un día e hora acordado co alumnado e despois de 1h 30m envíase foto ao correo do profesor nun tempo máximo de 5m. Terán que ter activa a cámara e micro da videoconferencia da plataforma CISCO. Pondera un 20% da nota final sobre 10.



-O alumnado será convocado a unha proba oral mediante videoconferencia que será grabada en audio relacionada co exercicio que enviou co obxectivo de certificar as consecucións dos mínimos establecidos. Duración da proba oral: 15m. Pondera un 80% da nota final sobre 10 puntos.

-Actividades de repaso,reforzo ou ampliación.

- Explicacións mediante videoconferencia.
- Exercicios guiados propostos na aula virtual.

-Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- Clase maxistral e de dúbidas por videoconferencia.
- Emprego de instrucións e material na Aula virtual do centro.
- Realización de tarefas e corrección por correo electrónico de xeito individual.

- Materiais e recursos

- Plataforma Cisco de videoconferencias.
- Exercicios guiados na aula virtual.
- Libro de texto e libro de problemas.



3. Avaliación e cualificación:

- Instrumentos (1ª e 2ª avaliación):

Prácticas desenvolvidas na aula.

Actitude diaria na aula.

Traballo diario na aula.

Probas orais ou escritas.

- Instrumentos (Período especial):

O alumnado co traballo neste período pode optar a subir nota se realiza as actividades propostas na aula virtual. A nota máxima a subir será un punto.

- Procedemento para o cálculo da cualificación final

A nota final será o cálculo da media das dúas cualificacións da 1ª e 2ª avaliación segundo os criterios establecidos na programación. - Desde o 13 de marzo o traballo telemático poderá ser tido en conta para subir a nota media ata un máximo de 1 punto. O anterior sempre que o profesor considere que foi realizado orixinalmente polo alumnado co instrumento e procedemento que estableza para tal fin.

4. Procedemento para información ao alumnado e familias . Publicidade

- Este documento será pendurado na páxina web do centro
- Enviarase tamén ás familias por ABALAR



5. Exames de setembro

-Proba escrita dos estándares correspondentes ós da 1ª e 2ª avaliación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para a 1ª e 2ª avaliación e poden ser consultados nesta programación.

- No caso de non poder realizar a proba de xeito presencial o mecanismo, criterios de avaliación e estándares serán os mesmos que para as recuperacións.

6. Alumnado de materia pendente

Non hai alumnado ca materia pendente.